



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/6	Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data: 24 de xullo de 2025

Duración:

Dende as 11:06 ata as 12:46

Lugar:

Salón de Sesións

Presidida por:

ROCIO LOPEZ GARCIA

Secretario:

ANA BARREIRO GOMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33861773T	BELEN FANEGO BARREIRA	SÍ
76939624R	FRANCISCO JAVIER SUAREZ VAZQUEZ	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33306541B	REMEDIOS GALLO FERNÁNDEZ	SÍ

Cód. Validación: SPN445744WZ99B65X45F7XG3
Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 31

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá

34636672Y	ROBERTO DÍAZ EXPÓSITO	SÍ
76580879X	ROCIO LOPEZ GARCIA	SÍ
77594453C	SANDRA GÓMEZ MARADONA	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	NON

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Lectura e aprobación,se procede, do borrador da acta da sesión anterior

A Señora Alcaldesa pregunta os concelleiros se teñen algunha obxección o borrador da acta da sesión anterior, a sesión ordinaria celebrada o día 22 de maio de 2025 distribuído coa convocatoria.

A Sra. Concelleira, D^a Remedios Gallo comenta que o tema da ACIAL está moi escueto resumido e manifesta que se aclare e pide que se transcriba o punto enteiro da ACIAL.

A Señora Alcaldesa responde que, ela non estivo pero que manifeste o que quere que conste en Acta.

A Sra. Concelleira, D^a Remedios Gallo di que non o encontra entre os papeis.

Señora Alcaldesa somete a votación a súa aprobación e é aprobada con 6 votos a favor dos concelleiros do Grupo PS-deGa-PSOE, 1 voto en contra da Sra. Concelleira D^a Remedios Gallo do Grupo do PP, e as abstencións, dos dos concelleiros do Grupo do PP e da Concelleira do Grupo do BNG.

2. MOCION DO GRUPO BNG DE LOURENZA RELATIVA AO MANTEMENTO DA ACTIVIDAD E INDUSTRIAL NA PLANTA DE ALCOA EN SAN CIBRAO E A CONTINUIDADE NO EMPREGO





Concello de Lourenzá

A Señora Alcadesa a petición do BNG cambia o orden dos asuntos da orde do día da sesión, pasando a debater a Moción presentada polo Grupo do BNG relativa a Alcoa, por estaren presentes no público asistente os representantes sindicais de Alcoa.

Todos os Concelleiros están de acordo.

Vista a Moción presentada polo Grupo do BNG que se transcribe a continuación:

“MOCIÓN RELATIVA AO MANTEMENTO DA ACTIVIDAD E INDUSTRIAL NA PLANTA DE ALCOA EN SAN CIBRAO E A CONTINUIDADE NO EMPREGO

Exposición de motivos:

En decembro de 2021 Alcoa asinaba un acordo cos representantes dos traballadores e traballadoras, despois de meses de mobilizacións, que implicaba o cesamento da produción temporalmente coa condición de manter todos os empregos can do se reiniciase a actividade dous anos despois -prevista inicialmente para xaneiro de 2024-, ademais do compromiso de realizar melloras e investimentos que garantisen a viabilidade e continuidade da actividade na

planta, especialmente, a construción do novo forno de ánodos.

Posteriormente, a comezos do 2023, Alcoa propuxo incrementar os prazos para o arranque, proceso de reinicio que se está a desenvolver na actualidade. A comezos de 2025 o Ministerio de Industria e Turismo xunto coa Xunta da Galiza, Alcoa e IGNIS asinaban un Memorando de Entendemento -MoU segundo as súas siglas en inglés en inglés-en que se comprometían a colaborar para “lograr a estabilidade das operacións” na planta de aluminio en San Cibrao, priorizando a reactivación das instalacións de aluminio, ademais de axilizar as autorizacións de proxectos de enerxía renovábel para "lograr custos competitivos" e incrementar as axudas ás emisións de CO₂.

Porén, o Memorando ao completo non foi feito público, nin sequera se compartiu co Comité de Empresa, polo que é preciso reclamar maior





Concello de Lourenzá

transparencia e exixir que se dea a coñecer o seu contido íntegro, máis, cando algunhas das cláusulas divulgadas parecen non respectar os compromisos alcanzados cos traballadores e traballadoras en relación aos investimentos pendentes, principalmente, a construción do forno de ánodos. Así, o Ministerio de Industria parece amparar que se facilite unha saída da crise de acordo coa empresa, mais abandonando os traballadores e sen garantir a continuidade da actividade produtiva.

Esta situación podería desembocar nunha desindustrialización semellante á xa vivida en Alcoa A Coruña e Alcoa Avilés, co fechamento definitivo das instalacións. Así pois, é imprescindíbel que desde o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza, administracións asinantes dese memorando, se exixa o cumprimento do acordo asinado co Comité de empresa e que desenvolvan todas as actuacións e investimentos comprometidos.

No referido á subministración de enerxía, debe lembrarse que existen xa, neste momento, solucións vlábelas para garantir a produción mentres non se materialicen as PPAs previstas. de facto, segundo os datos máis recentes, sobre o total da produción eléctrica galega, máis de 40% da enerxía xerada na Galiza é "exportada" a outras comunidades, polo que se demostra que hai enerxía suficiente dispoñíbel para asegurar a continuidade da actividade.

Por tanto, no momento actual as autoridades públicas, especialmente o Goberno do Estado a través do Ministerio de Industria, debe rectificar e dar o seu apoio total ás demandas dos traballadores e traballadoras, é dicir, exixir a Alcoa que cumpra cos compromisos adquiridos, garantindo os investimentos necesarios para a viabilidade da fábrica. Neste sentido, é posíbel explorar por parte do Ministerio de mecanismos de financiamento alternativos, como por exemplo, a concesión de créditos reembolsábeis, que aseguren que a empresa realice as melloras e investimentos comprometidos, particularmente a construción do forno de ánodos que, non só é fundamental para garantir o futuro da actividade en San Cibrao, senón tamén para garantir o emprego, especialmente nas empresas auxiliares. Así mesmo, é necesario que calquera acordo ao que se chegue





Concello de Lourenzá

coa empresa inclúa aos traballadores e traballadoras das empresas auxiliares, garantindo a protección ao emprego até decembro de 2026, data até a que Alcoa asegura manter o emprego directo.

Por último, cabe lembrar que, se fose necesario, a SEPI debe de estar preparadas para íntervir a empresa e asegurar a continuidade da actividade industrial, garantindo que non se repita a situación vivida noutras plantas de Alcoa. En definitiva o Goberno debe actuar con determinación e priorizar os intereses da industria e do conxunto dos traballadores e traballadoras.

Por todo o exposto anteriormente, o BNG propón a adopción dos seguintes ACORDOS

O Pleno do Concello de Lourenzá insta o Goberno do Estado a:

1. Facer público o contido íntegro do Memorando de Entendemento asinado polo Ministerio de Industria e Turismo, a Xunta da Galiza, Alcoa e IGNIS.
2. Exixir á empresa o cumprimento do acordo asinado coa representación dos traballadores e traballadoras e realizar os investimentos comprometidos, singularmente, a construción do forno de ánodos, que garantirán a viabilidade da actividade industrial e a continuidade dos postos de emprego na planta.
3. Garantir a través de créditos reembolsábeis do ICO ou outra fonte de financiamento público, o inicio das melloras e a construción do forno de ánodos.
4. Estender no tempo a garantía do acordo asinado para o mantemento dos postos de traballo para o persoal das empresas auxiliares.
5. Dar unha solución viábel que asegure a subministración de enerxía mentres non se materialicen as PPAs previstas.
6. Manter a previsión dunha posíbel intervención pública por parte da SEPI para o caso de que a falta de cumprimento do acordo poña en risco a





Concello de Lourenzá

viabilidade da planta de ALCOA en San Cibrao para así manter a actividade industrial e os postos de traballo."

Polo Comité de Alcoa maniféstanse pedindo unión dos grupos políticos tanto na Xunta coma no Ministerio para buscar unha solución, que se esixa á empresa Alcoa a cumprir co pactado.

A señora Alcaldesa mostra o total apoio, manifestando que é moi importante para a industria da Mariña debendo ir todos da man e sin distinción de cores, co cal están a favor todos os concelleiros.

Terminado o debate, sometida a votación o Pleno da Corporación por unanimidade dos concelleiros presentes acorda a aprobación da Moción presentada, co seguinte contido:

1. Facer público o contido íntegro do Memorando de Entendemento asinado polo Ministerio de Industria e Turismo, a Xunta da Galiza, Alcoa e IGNIS.
2. Exixir á empresa o cumprimento do acordo asinado coa representación dos traballadores e traballadoras e realizar os investimentos comprometidos, singularmente, a construción do forno de ánodos, que garantirán a viabilidade da actividade industrial e a continuidade dos postos de emprego na planta.
3. Garantir a través de créditos reembolsábeis do ICO ou outra fonte de financiamento público, o inicio das melloras e a construción do forno de ánodos.
4. Estender no tempo a garantía do acordo asinado para o mantemento dos postos de traballo para o persoal das empresas auxiliares.
5. Dar unha solución viábel que asegure a subministración de enerxía mentres non se materialicen as PPA's previstas.
6. Manter a previsión dunha posíbel intervención pública por parte da SEPI para o caso de que a falta de cumprimento do acordo poña en risco a viabilidade da planta de ALCOA en San Cibrao para así manter a actividade industrial e os postos de traballo.





Concello de Lourenzá

3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO PARA O EXERCIZO 2025 E DO CADRO DE PERSOAL

Dá comezo a Alcaldesa facendo un breve resumo do Orzamento de do Cadro de Persoal para o 2025, dentro do Anexo de Inversións vai a Mellora de Accesos a Painzás ao Campo e á Rega, que sería o AGADER do ano 2025, despois hai unha subvención da Xunta de Galicia para Adecuación do Paseo dos Frades, dos cales nos dan o 100%, vai un Convenio coa Excma. Deputación de Lugo para a mellora da Nave da Feira que son 127.600.-€, dos cales a Deputación dá 110.000.-€ e o resto poñeríao o Concello, sería para as cubertas das naves anexas á que xa hai renovada. Hai outra subvención de aforro de Eficiencia Enerxética para o Pavillón Municipal para cambio de caldeiras, carpinterías e ventanais que quedaban e despois temos a Renovación do Pavimento da Carretera de Arroxo que sería tamén do Plan Único do 2025. Obras de Mellora da Piscina Municipal, con cargo á Deputación porque se pedira unha subvención á Xunta pero veu denegada por non acadar os puntos, por eso se meten con cargo a un Convenio coa Deputación. Adquisición de Furgoneta dentro do Plan Único e metemos unha partida tamén para a adquisición de luminarias e 2 máquinas fregadoras de chan , unha para o pavillón e outra para o Multiusos. Meteuse unha partida de 5.900.-€ para a adquisición de vallas de obra para non ter que estar sempre alugando. O Anexo de investimentos que suma un total de 541.700.-€ que supón un 19,17%. Un millón catrocentos e pico mil euros que é o 50% do orzamento. No capítulo II: 631.941.- € que serían suministros, servicios, todo Axuda no Fogar, kilometraxa, a empresa, etc. que sería un 22,61%. Unha vez rematado o resumo da Alcaldía, intervén a voceira do BNG, D^a Belén Fanego preguntando que no capítulo I dí que se manteñen as contías coas reducións asignadas aos Membros da Corporación. Ao que se lle aclara por parte da Alcaldía que se seguen mantendo, que a Alcaldía non se vai incrementar co 0,5%.

Por parte do PP, o voceiro, Don Roberto Díaz comenta que seguen a ter problemas á hora de consultar a documentación xa que con dous días non





Concello de Lourenzá

é suficiente para revisar todo. Continúa decindo que o que se prevé de ingresos, non se ve evolución económica que se debe traballar no tema das industrias. Consideran que quen máis aporta que é a Xunta e non a Deputación, según o Informe da Alcaldía. Na liquidación do Orzamento na partida 150.78 ten un 0% de execución. Na partida 330,48. Subvencións a colectivos: 7200.-€, executados 3000.- €, o cal corresponde ao Antroido. No 2024, tamén quedaron subvencións sen executar porque se executarían neste exercicio. No Informe de Secretaría dí que se cumpre o período medio de pago pero que en algún trimestre non se cumpriu, entón o PP insta a que se cumpra o período medio de pago a provedores. Coa liquidación do exercicio pasado hai un descuadre de 600000.-€, tíñase previsto 3000000.-€ e finalmente foron 2800000.-€, un descuadre grande co que se tiña previsto recaudar ao que realmente foi. O PP vota en contra porque as previsións de crecemento son baixas.

Ao que se lle aclara por parte da Alcaldía que consta na partida 150.78 é do ARI (Área de Rehabilitación Integral) dos Fondos Next Generation procedente dunha incorporación do remanente do 2023 e o resto dos outros convenios vixentes.

A voceira do BNG, D^a Belén comenta que, non ve moito futuro esperanzador para a mellora na economía, non ve proposta para non perder poboación, dí que só se limitan a aproveitar as subvencións que lles dan para a compra de maquinaria e despois cando hai algunha cousa que arranxar non hai máquinas. Comenta que é un dos Concellos que non ten motobomba, que os desbroces están todos descuidados e que o Orzamento é o reflexo da xestión do goberno. Dí que na recaudación hai unha previsión por taxas que na liquidación salían preto de 800000.-€ de exceso de previsión e este ano prevé que vai ser o mesmo. Gastos de persoal si, pero os cartos gástanse igual porque si se celebran 4 XGL nun mes pois irá noutra partida pero os gastos fanse igualmente. Tamén ve pouca capacidade para valorar o aprovisionamento que hai que facer nos gastos a efectos de suministros, papel de oficina, material para reparacións, etc. como no caso das contratacións ás veces faise un





Concello de Lourenzá

cambio de posto, e eso debido á mala planificación ou xestión. Non se está facendo ben e non ve que o orzamento sexa real. Igualmente pregunta pola previsión do pago dos atrasos ás traballadoras do SAF e do resto de traballadores.

O que se aclara pola Alcaldía que está elaborando un Plan de Pagos para facer fronte a toda esa débeda que ascende aproximadamente a uns 250,000.-€, asimesmo por parte de D^a Rocío aclárase que os orzamentos son os máis realistas e adaptados á realidade, que hai que contar cos gastos do SAF (Servizo de Axuda no Fogar) e PAI (Punto de Atención á Infancia) e deste xeito cada vez son menos as partidas para inversións.

CONSIDERANDO o disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988. E en virtude da atribución recollida nos artigos 22.2 e) e i) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, o Pleno Municipal cos votos a favor dos seis concelleiros do Grupo PS-d-GA-PSOE, a abstención da concelleira do Grupo do BNG e tres votos en contra dos tres concelleiros do Grupo do PP, ACORDA :

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Lourenzá, para o exercicio económico 2025, xunto co Cadro do persoal, as Bases de execución e toda a documentación anexa incorporada ao expediente, cuxo resumo por capítulos e cadro de persoal é o seguinte:

GASTOS 2025		
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN.
1	Gastos de Personal	1.405.289,34
2	Gastos Corrientes en Bienes y Servicios	638.941,86





Concello de Lourenzá

3	Gastos Financieros	3.982,00
4	Transferencias Corrientes	217.568,96
	TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	2.265.782,16
6	Inversiones Reales	541.715,36
7	Transferencias de Capital	7.000,00
8	Activos Financieros	0,00
9	Pasivos Financieros	11.600,00
	TOTAL OPERACIONES CAPITAL	560.315,36
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	2.826.097,52

INGRESOS 2025

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN
1	Impuestos Directos	653.292,23
2	Impuestos Indirectos	76.940,00
3	Tasas, Precios Públicos y otros Ingresos	276.460,00
4	Transferencias Corrientes	1.266.909,85
5	Ingresos Patrimoniales	4.100,00
	TOTAL OPERACIONES CORRIENTES	2.277.702,08
6	Enajenación de Inversiones Reales	0,00
7	Transferencias de Capital	548.395,44

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá

8	Activos Financieros	0,00
9	Pasivos Financieros	0,00
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	548.395,44
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	2.826.097,52

Cadro do Persoal aprobado para o exercicio 2025:

CADRO PERSOAL FUNCIONARIO

Nº PRAZAS	CO DIG O PR AZ A	DENOMINACI ON PRAZA	GRU PO/ SUB GRU PO	SIT
1.FUNCIONARIO CON HABILITACION DE CARÁCTER NACIONAL				
1	PF0 1	SECRETARÍA- INTERVENCIÓ N	A/A1	O
2. ADMINISTRACION GENERAL				
2.1 BUBESCALA DE XESTION				
1	PF0 2	TÉCNICO/A XESTIÓN	A/A2	O
2.2 SUBESCALA ADMINISTRATIVA				





Concello de Lourenzá

1	PF0 3	ADMINISTRATI VO	C/C1	VND
1	PF0 4	ADMINISTRATI VO	C/C1	O
1	PF0 5	ADMINISTRATI VO	C/C1	O
3.ADMINISTRACION ESPECIAL				
3.1 SUBESCALA TÉCNICA				
3.1.1 CLASE DE TECNICOS SUPERIORES				
1	PF0 6	ARQUITECTO/ A	A/A1	O
1	PF0 7	PSICOLO/A	A/A1	O
1	PF0 8	TECNICO/A DEPORTIVO/A	A/A1	VD(P. I funci onari zació n)
3.1.2 CLASE DE TECNICOS MEDIOS				
1	PF0 9	TRABALLADO R/A SOCIAL	A/A2	VD(P. I funci onari zació





Concello de Lourenzá

				n
3.1.3 CLASE DE TECNICOS AUXILIARES				
1	PF1 0	TECNICO SUPERIOR ELECTRICIDA DE E ELECTRONICA , OFICIOS MULTIPLES,M AQUINISTA- CONDUCTOR/ A	B	O
1	PF1 1	TECNICO SUPERIOR DE TURISMO	B	VND
3.2 SUBESCALA DE SERVICIOS ESPECIALES				
3.2.1 CLASE PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIALES				
1	PF1 2	TECNICO DE CUTLTURA E FESTEXOS	A/A1	VD(P. I funci onari zació n)

CADRO DO PERSOAL LABORAL





Concello de Lourenzá

Nº PRAZAS	CO DIG O PR AZ A	DENOMINACI ON PRZA	SIT
1	PL2 4	TECNICO DE CUTLTURA E FESTEXOS “A EXTINGUIR”	O
1	PL2 5	TECNICO/A DEPORTIVO/A “A EXTINGUIR”	O
1	PL2 6	TRABALLADO R/A SOCIAL“A EXTINGUIR”	O
1	PL0 1	MESTRE/A EDUCACION INFANTIL	O
1	PL0 2	MESTRE/A EDUCACION INFANTIL	O
1	PL0 3	MESTRE/A EDUCACION INFANTIL	O





Concello de Lourenzá

1	PL0 4	AUXILIAR AXUDA FOGAR	NO	O
1	PL0 5	AUXILIAR AXUDA FOGAR	NO	O
1	PL0 6	AUXILIAR AXUDA FOGAR	NO	VD
1	PL0 7	AUXILIAR AXUDA FOGAR	NO	O
1	PL0 8	AUXILIAR AXUDA FOGAR	NO	VD
1	PL0 9	AUXILIAR AXUDA FOGAR	NO	VD
1	PL1 0	AUXILIAR AXUDA FOGAR	NO	VD
1	PL1 1	AUXILIAR AXUDA FOGAR	NO	VD
1	PL1 2	AUXILIAR AXUDA	NO	O





Concello de Lourenzá

		FOGAR	
1	PL1 3	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	VD
1	PL1 4	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	VND
1	PL1 5	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	VND
1	PL1 6	CONSERXE, , O OPERARIO/A SERVIZOS MULTIPLES,C ONDUCTOR/A	
1	PL1 7	CONSERXE, , O OPERARIO/A SERVIZOS MULTIPLES,C ONDUCTOR/A	
1	PL1 8	CONSERXE, , O OPERARIO/A SERVIZOS MULTIPLES,C ONDUCTOR/A	
1	PL1 9	OPERARIOA SERVIZOS MULTIPLES,M	O

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá

		AQUINISTA CONDUCTOR/ A	
1	PL2 0	OPERARIOA SERVIZOS MULTIPLES,M AQUINISTA CONDUCTOR/ A	O
1	PL2 1	OPERARIO/A LIMPADOR/A	O
1	PL2 2	OPERARIO/A LIMPADOR/A	VND
1	PL2 3	OPERARIO/A LIMPADOR/A	O

SEGUNDO.- As modificacións de crédito realizadas no Orzamento Prorrogado do Concello considéranse incluídas nos créditos iniciais do Orzamento do Concello para o exercicio 2025, polo que, deberán anularse ditas modificacións de crédito unha vez aprobado definitivamente o Orzamento para o ano 2025, a excepción dos expediente de modificacións de créditos número 2/2025, 5/2025 e 8/2025 todos eles de Incorporación de remanentes de crédito de exercicios anteriores que se manterán vixentes.

TERCEIRO.- Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o ano 2025, o Cadro do persoal, as Bases de execución e toda a documentación anexa incorporada ao expediente, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da provincia e o taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO.- Considerar elevado a definitivo o presente acordo no caso de





Concello de Lourenzá

que non se presente ningunha reclamación en prazo.

QUINTO.- Remitir, unha vez aprobado definitivamente o Orzamento, copia do mesmo á Administración do Estado e ao Órgano competente da Comunidade Autónoma.

4. APROBACIÓN,SE PROCEDE, DA FIXACIÓN DOS DÍAS FESTIVOS LOCAIS 2026

A señora Alcaldesa propón o martes de carnaval e o luns de conde santo.

Terminado o debate, sometido a votación o Pleno da Corporación cos votos a favor dos seis concelleiros do Grupo do PSdeG-PSOE, o da concelleira do Grupo do BNG e o dos tres concelleiros do Grupo do PP, Acorda:

1.-Fixar como Festas Locais para o vindeiro ANO 2026 no termo municipal de Lourenzá, as seguintes datas:

17 DE FEBREIRO
2026 MARTES DE ENTROIDO

31 DE AGOSTO 2026 LUNS DO CONDE
SANTO

2. Remitir certificación do presente Acordo á Dirección Territorial de Lugo-Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o seu coñecemento e efectos oportunos.

5.APROBACIÓN,SE PROCEDE, DA ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DOS CONCELLOS DE BARREIROS, LOURENZÁ E TRABADA

A señora Alcaldesa manifesta que, fai referencia o convenio que está en vigor, cada Concello pagará polo que xere e modifícanse as porcentaxes xa que cas porcentaxes anteriores os prexudicados éramos Trabada e





Concello de Lourenzá

Lourenzá en relación con Barreiros sobre todo no verán.

O voceiro do PP pregunta que cando se van aplicar as porcentaxes e cando se pagará por xeración?

A señora Alcaldesa responde que cando non se poida aplicar a contía concreta aplicarase a porcentaxe.

A voceira do BNG manifesta que hai que cambiar o sistema, é necesario unha acción de concienciación e o ideal sería residuo cero pero vai ser que non existe.

A señora Alcaldesa manifesta que eles non o poden cambiar como Concello.

Terminado o debate, sometido a votación, o Pleno da Corporación, cos votos a favor dos seis concelleiros do Grupo do PSdeG-PSOE e da concelleira do Grupo do BNG e as abstencións dos tres concelleiros do Grupo do PP, Acorda:

1.-Aprobar a ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DOS CONCELLOS DE BARREIROS, LOURENZÁ E TRABADA, que a continuación se transcribe:

“ ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DOS CONCELLOS DE BARREIROS, LOURENZÁ E TRABADA.

No Concello de Barreiros, reunidos/as os /as alcaldes/as dos concellos de Barreiros, Lourenzá e Trabada, o xx de xxx de 2025, todas/os en nome dos seus respectivos concellos, EXPOÑEN:

Que o 10 de maio de 2019 os tres concellos asinaron un convenio de colaboración marco para a xestión compartida do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos no seu ámbito territorial, en base o cal se formalizou o 4 de xullo de 2019, un contrato administrativo de concesión de servizos de xestión de residuos domésticos nestes tres concellos, coa empresa Servicios dos Concellos Galegos, SLU, con CIF B27154731, cunha





Concello de Lourenzá

duración de dez anos.

Sen embargo, durante estes anos de vixencia do contrato, advertíronse unha serie de circunstancias non previstas inicialmente e que fan necesario aprobar unha addenda a dito convenio, de forma que se modifiquen determinados aspectos do financiamento do servizo, para adecualo á realidade do mesmo e facilitar a súa xestión económica por parte de cada concello. Tamén se fai necesario a renovación do convenio, xa que a lei marca unha duración máxima de catro anos máis catro, e ó ser á duración do contrato de dez anos, é necesario renovar o convenio antes da finalización do mesmo, polo que se aproveita este momento para a súa renovación por outros catro anos, prorrogables, ata a finalización total do contrato.

Así, modifícanse as cláusulas cuarta, sétima e décima do convenio, que quedarán redactadas do seguinte xeito:

CLAUSULAS:

CUARTA.- XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO.

A xestión do contrato de concesión de servizo será realizada polo Concello de Barreiros e incluírá todo o relacionado co mesmo, aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sex a tramitación administrativa, contratación, xestión de axudas, ...).

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Este convenio comprende polo tanto a posibilidade de contratación por parte do concello de Barreiros, na forma que se sinale, conforme á normativa de contratación do sector público vixente en cada momento.

SETIMA.- FINANCIAMENTO.





Concello de Lourenzá

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para estes efectos habilitarán as aplicacións orzamentarias necesarias.

A empresa adxudicataria pasará a facturar mensualmente a cada un dos concellos a parte correspondente ó servizo prestado no seu termo municipal, conforme ás toneladas recollidas en cada concello segundo os informes mensuais, ó prezo que corresponda segundo o contrato vixente. Nos casos en que non poda establecerse a contía concreta do recollido en cada concello, aplicaranse as seguintes porcentaxes actualizadas:

- Barreiros 60 %
- Lourenzá 25 %
- Trabada 15%.

Cada concello será responsable, no seu caso, da exacción das taxas pola prestación do servizo no seu termo municipal.

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio entrará en vigor ó día seguinte da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata a finalización do contrato administrativo de xestión do servizo que o motiva, sen prexuízo de que continúe ata a desaparición das obrigas legais e económicas que podan quedar pendentes por calquera dos concellos despois desa data. En todo caso un máximo de catro anos cunha prórroga doutros catro.

No caso de que, unha vez finalizado o contrato que motiva este convenio, se estime pola Comisión Mixta, a conveniencia de iniciar un novo proceso de licitación coas mesmas condicións, poderá estenderse a vixencia deste convenio.

En proba de conformidade asínase o presente convenio por triplicado exemplar no lugar e data que se indican no encabezamento.”

2. Remitir certificación do presente Acordo o Concello de Barreiros e facultar a Señora Alcaldesa de Lourenzá para a sinatura de candos





Concello de Lourenzá

documentos fosen necesarios para facelo efectivo.

6. MOCION DO BNG DE VIVEIRO PARA ESIXIR UNHA SANIDADE PUBLICA DIGNA NA MARIÑA OCCIDENTAL E MEDIDAS URXENTES PARA O CENTRO DE SAUDE DE VIVEIRO

A señora Alcaldesa manifesta que, fala da situación da sanidade en Viveiro e na Mariña en xeral e pola súa parte total apoio.

E vista a Moción presentada polo BNG DE VIVEIRO que se transcribe a continuación:

“D^a. MARÍA LUZ Balsa Rábadade, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE VIVEIRO CERTIFICA: Que na sesión extraordinaria e urxente celebrada polo Pleno da Corporación en data 4 de xuño de 2025, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo que, literalmente transcrito, di:

“2.- MOCIÓN DO BNG DE VIVEIRO PARA ESIXIR UNHA SANIDADE PÚBLICA DIGNA NA MARIÑA OCCIDENTAL E MEDIDAS URXENTES PARA O CENTRO DE SAUDE DE VIVEIRO.

Vista a moción presentada polo grupo municipal do BNG que se transcribe a continuación: “O noso sistema público de saúde leva anos sufrindo un deterioro progresivo, resultado directo das políticas da Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular. A eliminación da Área Sanitaria da Mariña no ano 2018 marcou un punto de inflexión: a perda dunha xerencia e orzamentos propios abriu a porta á centralización de servizos no Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) e ao desmantelamento dos hospitais comarcais.

A estratexia foi clara: primeiro, elimináronse as áreas sanitarias; despois, recortáronse servizos con argumentos de falta de persoal; finalmente, trasladáronse prestacións a hospitais de referencia, colapsándoos e xustificando así a externalización de servizos sanitarios públicos.

Esta política provocou unha grave perda de calidade asistencial, con





Concello de Lourenzá

consecuencias especialmente graves para os colectivos máis vulnerables: persoas con enfermidades crónicas, maiores, mulleres e pacientes con problemas de saúde mental.

A Mariña Occidental é hoxe a zona de Galiza con máis carencias sanitarias. En particular, a veciñanza de Viveiro leva case unha década sufrindo unha situación crítica que lembra ás décadas dos anos 70 e 80 do século pasado.

Antes da pandemia xa se practicaba a non cobertura de baixas e vacacións, mais a situación acadou un punto de colapso a finais de 2023, cando o Centro de Saúde de Viveiro funcionaba unicamente con dous facultativos (dos once que conformaban a plantilla), sen pediatra, con cinco consultas menos de enfermaría e suspendendo as consultas ordinarias. Durante ese período, o centro asumía tamén a atención da veciñanza dos concellos de Ourol e O Vicedo. A presión social e a mobilización cidadá conseguiron a reposición parcial dalgúns servizos, mais dous anos despois, a situación segue a ser inaceptable:

- A cobertura da plantilla médica está sempre por debaixo do 50%.
- Os tempos de espera para unha consulta poden acadar as tres semanas.
- Hai veciñas e veciños que levan anos sen un médico/a de referencia.
- As citas asignan cinco minutos por paciente.
- Non se cobren nin baixas, nin permisos, nin vacacións do persoal.
- A atención nos centros de Ourol e O Vicedo rediríxese cada vez máis ao de Viveiro, sobrecargando os seus xa escasos recursos.

A isto súmase o colapso da atención especializada no Hospital da Mariña, onde as listas de espera para consultas ou seguimentos chegan aos cinco anos nalgúns casos. A situación das prazas cubertas nas especialidades é gravísima:





Concello de Lourenzá

- Só están cubertas 4 das 11 prazas de Medicina Interna.
- Hai 1 anatomopatólogo/a dunha plantilla de 3.
- Só hai 1 especialista en Dixestivo e 1 cardiólogo/a, cando deberan ser 3 en cada caso.
- 3 radiólogos/as dunha plantilla de 5.
- Hai dúas prazas menos en Uroloxía.

Mentres tanto, a xerencia sanitaria continúa derivando pacientes ao HULA con argumentos pouco convincentes, alegando criterios clínicos cando a verdadeira causa é a falta de profesionais. Isto é un problema de xestión e vontade política, non de imposibilidade técnica. Neste contexto, resulta ofensiva a última moda do Partido Popular de acusar de “instrumentalización política” a quen denuncia esta realidade. A xerencia chegou a pedir que “se deixe de instrumentalizar a sanidade pública para xerar malestar entre a poboación”, como se denunciar a perda de dereitos non fose unha responsabilidade pública e democrática.

A maior mostra do nivel co que se trata este tema por parte do goberno galego foi a intervención do Conselleiro de Sanidade nun foro en Vigo, onde afirmou literalmente: «¿Que la gente mayor no sabe de tecnología? Y una mierda, con perdón. La gente mayor maneja la app del Sergas que te cagas». Estas palabras, que causaron un grande rexeitamento social, amosan o grao de desconexión e desprezo co que se están xestionando os servizos sanitarios públicos en Galiza.

Fronte a esta realidade, o Concello de Viveiro non pode calar. É responsabilidade das institucións máis próximas á veciñanza denunciar este abandono e esixir solucións urxentes.

Por todo o exposto anteriormente, o BNG propón a adopción dos seguintes ACORDOS PRIMEIRO. Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a cubrir de inmediato todas as prazas vacantes no Centro de Saúde de Viveiro, tanto en atención médica como en enfermaría, garantindo unha





Concello de Lourenzá

atención continuada, estable e de calidade.

SEGUNDO. Esixir a recuperación do servizo de pediatría en condicións estables e suficientes, para atender á poboación infantil de Viveiro e dos concellos limítrofes con garantías asistenciais.

TERCEIRO. Acordar o envío desta moción a todos os concellos da comarca da Mariña para promover accións conxuntas en defensa dunha sanidade pública digna, próxima e de calidade para toda a cidadanía." Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da moción presentada, co seguinte contido:

PRIMEIRO. Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a cubrir de inmediato todas as prazas vacantes no Centro de Saúde de Viveiro, tanto en atención médica como en enfermaría, garantindo unha atención continuada, estable e de calidade.

SEGUNDO. Esixir a recuperación do servizo de pediatría en condicións estables e suficientes, para atender á poboación infantil de Viveiro e dos concellos limítrofes con garantías asistenciais.

TERCEIRO. Acordar o envío desta moción a todos os concellos da comarca da Mariña para promover accións conxuntas en defensa dunha sanidade pública digna, próxima e de calidade para toda a cidadanía."

E para que conste, aos efectos oportunos, por orde e con visto e praxe da Sra. Alcaldesa-Presidenta, D^a. María Carmen Gueimunde González, coa salvedade prevista no artigo 35 do ROM e no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expídese a presente certificación en Viveiro, á data que consta á marxe.

A ALCALDESA- PRESIDENTA ,

A SECRETARIA XERAL,

Asdo.: María Carmen Gueimunde González
Rábade. "

Asdo.: M^a Luz Balsa





Concello de Lourenzá

Sometido a votación, o Pleno da Corporación, cos votos a favor dos seis concelleiros do Grupo do PSdeG-PSOE e o da concelleira do Grupo do BNG e as abstencións dos tres concelleiros do Grupo do PP, acorda aprobar a Moción presentada en tódolos seus termos.

7.MOCIÓN DE URXENCIA

Non hai.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

8.DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DENDE O 1/05/2025 ATA O 30/06/2025

Todos os concelleiros se dan por enterados.

9.DACION DE CONTA DO ESFORZO FISCAL 2023

Todos os concelleiros se dan por enterados.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

O vociero do PP pasa a ler os seguintes Rogos:

1º-O lugar do Castro atopámonos con circunstancias pouco agradables o paso por ese lugar tanto para os veciños que residen alí como para os viandantes, dado que é un lugar de paseo.

A psista que vai desde o Centro de O Castro ata a Casa de Pérez, presenta un lamentable estado, sendo pista de percorrido de vehículos, tractores, motos, bicicletas, está cheo de fochancas de despredementos que dificultan a súa circulación, precisando unha urxente reparación de vía.

Asimesmo neste lugar e pola mesma senda, a maleza invade a pista notablemente polo que dificulta o paseo de viandantes, dado que esta á zona de paseo de veciños, polo que urxe o seu desbroce coa mesma dilixencia según nos consta que vostedes por mediación solicitan dos





Concello de Lourenzá

veciños de ese lugar mediante requerimento e pago de multa a inmediata reparación de pequenas zarzas que invaden mui pouca cousa algunha finca aldeaña, polo tanto como partido da oposición pedimos a mesma dilixencia qao Concello para que demostre persoalmente que cumpre co que require tamén.

Rogamos a urxente actuación para evitar que esta situación siga afectando a este lugar.

2º- Dado que o perigo que poden ocasionar polo estado no que se atopan, que non causando desgracias persoais ou materiais, xa vimos como se desprende unha rama de gran envergadura e moito peso, sendo un gran risco para a veciñanza, desde o PP rogamos e insistimos en que se faga unha valoración do risco por persoa experta neste campo con carácter urxente e que se tomen medidas de precaución inmediatas. Pode non ser un lugar seguro que debería ser precintado ata que se valore e se tome a decisión correcta ao respecto.

3º- Platanos no canton...

PREGUNTAS:

1º- M^a Belén Fanego Barreira, concelleira do **BNG** no concello de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, eleva a Pleno as seguintes PREGUNTAS :

- Na **Xunta de Goberno Local de 6 de febreiro de 2025** aprobouse a MEMORIA VALORADA PARA AS MEDIDAS DE CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS EN LOURENZÁ por importe de 28.407,22 euros a través dunha axuda do Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galiza na que se solicitaban 19.885,05 euros para a execución de dita Memoria.

Poden explicarnos en que consisten esas actuacións?

A señora Alcadesa manifesta que, non está segura se é unha subvención pedida para o arranxo da Fonte de Santo Tomé que foi denegada pero non está segura mirao e xa llo manda.

- Na **Xunta de Goberno de 11 marzo de 2025** aprobouse a solicitude de axudas do **Plan Corresponsables** da Xunta. Refírese aos campamentos de verán? No orzamento da proposta aparecen 17.663 euros como gastos de persoal propio do Concello. A que persoal en concreto se refire? A contratación externa en que consiste?





Concello de Lourenzá

A señora Alcadesa manifesta que, sería campamentos de verán e madrugadores de campamentos de verán, unha parte sería a contratación de monitores e por outro a contratación externa da empresa.

- Que se sabe do Recurso de Alzada contra a resolución de reintegro de 85.922 euros do ARI, interposto ante o Instituto Galego de Vivenda e Solo en outubro do 2024?

A señora Alcadesa manifesta que, de momento non se devolveu nada, que hai un recurso interposto pero non teñen coñecemento da súa resolución.

- A Oficina de Turismo permanece pechada dende o mes de maio, a baixa da técnica de turismo era prevista. A que se debe que non se preste en pleno período estival este servizo?

Non hai na bolsa de emprego municipal ningún candidato para cubrir este posto? E nos Servizos Públicos de Emprego? Ou non é preciso nestes momentos?

A señora Alcadesa reponde que, non se puido contratar porque se estivo a facer outras cousas.

- Na Xunta de Goberno de **26 de abril de 2024** aprobouse o **Programa de Carácter Temporal** consistente no **Reforzo do Programa de Servizos Sociais** do Concello de Lourenzá, a través do que se contrataría un traballador ou traballadora social a tempo parcial por **unha duración de 3 anos**, xustificándose esta decisión en que quedaba patente e demostrada a necesidade e urxencia da realización deste Programa Temporal.

Este reforzo de emprego ía ser financiado cunha asignación de transferencias finalistas da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galiza a favor do Concello de Lourenzá notificada o 19 de decembro de 2023 asignándolle unha subvención para a contratación dun traballador social que xa tiña concedido e de 0,5 empregos de traballador social de nova creación a tempo parcial.

Que pasou con este Programa? Levouse a cabo esta incorporación de persoal? Si non foi así, cal é o motivo?

Por outra banda, o 27 de marzo aprobouse a solicitude do Plan Concertado 2025 que incluía 2 traballadores sociais e 1 educadora familiar no seu orzamento.

En maio deste ano a educadora familiar que prestaba os seus servizos neste Concello xubilouse e polo momento non vemos substituta. Está previsto que se volva a cubrir esta praza? De ser así, a que se debe o atraso si os Servizos Sociais son un dos piares nos que se sustenta a atención que presta este Concello?

A señora Alcadesa reponde que, non se contratou aínda, xubilouse a educadora social, e están valorando en sacar a praza da traballadora social esa e como cubrir o da educadora social vacante se será cuberta con esa contratación. E o non subvencionar o 100% hai que facer números.

- A área de autocaravanas está xa operativa?

A señora Alcadesa reponde que, si está operativa.





Concello de Lourenzá

Don Roberto, voceiro e concelleiro do **PP** no concello de Lourenzá, eleva a Pleno as seguintes PREGUNTAS :

1º- A antiga calzada romana, sofre a falta de camiñantes, e consciente o Goberno Local dos cambios que afectan a estas rúas, o abandono do Camiό Real é notable, de feito fai pouco vimos a un veciño rozar voluntariamente esepaso dado que está inaccesible tamén..son conscientes do dano que lle fan a este Concello non tendo o camiño debidamente reparado para que os peregrinos podan disfrutar do paisaxe e levar u bo recordo da nosa vila?

Notamos un desinterese alaramente de cara a visualizar e impulsar publicitariamente o fin de etapa que tanto debería favorecer a este vila e mostramos a nosa preocupación por este tema que xenera ventaxas económicas para os comerciantes da vila.

A Señora Alcaldesa manifesta que, non sabe concretamente a que parte se refire do camiño.

A Señora Remedios Gallo responde que, a que sube pola casa de Luis de Teresa.

A Señora Alcaldesa responde que, si que lles consta a modificación de trazado que fixo o Xacobeo da Xunta e despois o mantemento e desbroce faino a Xunta en todo o Camiño de Santiago.

2º- No pasado mes de marzo do presente ano, levamos a pleno unha moción onde se propoñía o arranxo da Carretera de San Xusto; na cal nos votaron en contra e contestaron que se faría si conseguían fondos doutras administracións. Consegúronse eses fondos?E de ser así canto e de que adminsitracións?

A Señora Alcaldesa responde que, hai un proxecto co Concello de Barreiros e da súa man intentaremos conseguir o financiamento que agora non hai.

3º- O pasado 12 de maio, publicábase no DOG, o Cambio de titularidade dun tramo na antiga estrada LU-122, xunto co seu dominio público viario, no lugar de Oural; en favor do Concello de Lourenzá. Por qué se solicitou ese cambio de titularidade, e que teñen pensado facer alí?

A Señora Alcaldesa responde que, o Concello xa facía o mantemento e por iso se solicitou.

4º- Neste Concello cando surxe a aparición de animais abandonados, ¿A qué concelleiro se debe recurrir?¿Qué teléfono se debe chamar para que sex recollido o animal en cuestión? Ou ben se chame de inmediato ao veterinario para descifrar o chip e que en caso de telo sexa rápida a entrega do animal. Nos damos conta de que os veciños non saben mui ben a quen recurrir o no estar debidamente publicada esa información. Debería publicarse na páxina web do Concello. Quizáis tamén a publicación de algún Bando ó respecto.

A Señora Alcaldesa responde que, todo o mundo está enterado, chaman a Javier, chámanme a min o ben chaman o Concello e deixan un aviso, despois publicase na paxina web do Concello para ver se aparece o dono e se non mírase se ten o chip.

5º- Candidatos socorristas das persoas que se presentaron a exercer o socorrismo na Piscina Municipal, canto cumprían os requisitos para exercer esa





Concello de Lourenzá

labor? Dispoñían da titulación axeitada? Cómo foron eleixidos? Desde o PP de Lourenzá queremos propoñer que a piscina deberá ampliar o uso e utilizarse desde o final do curso escolar e ata o inicio do mesmo. Sería disfrutar da piscina 20 días máis aproximadamente. Poderían considerar esta posibilidade? Cal é o custo presupuestario da piscina? ¿E o gasto engadido por ampliar eses días?

A Señora Alcaldesa responde que, en canto a contratación publicáronse unhas bases e o custe sería mais ou menos de 7.400,00 euros e o 50% financiao a Xunta.

6º- Actualmente teñen un Convenio firmado pola cesión do Covento que se renova anualmente, como é posible que o estado do Pozo Santo sexa tan lamentable que as herbas suban polas paredes. Non consideran que por este Concello de debe axudar a manter ese lugar o mesmo que o Claustro? Donde soamente se limpa para o Conde Santo e a Faba e se deixa medrar a herba que pouco a pouco levantan cada vez máis a pedra do lugar. É tan costosa unha limpeza anual en varias veces? Poden decirnos cales son as circunstancias actuais para que o Pozo Santo non sexa rozado e esté convertido nun silveiral.

A Señora Alcaldesa responde que, o que se pretende e que algún día, a visita guiada a igrexa se faga o Claustro e o Pozo Santo, actualmente non se pode facer.

7º- Oficina de Turismo sen persoal, Técnico de Emprego sen sustituto, administrativo local sin sustituto desde o 04/06/2025, praza de Técnico de Servizos Sociais vacante por xubilación.

Non creen que xa está ben de tanta desidia. Pasou o mes de xuño e o que levamos de xullo e a Oficina de Turismo pechada. Non dispoñen nin de unha persoa que unhas horas atenda esa labor. Non consideran prioritario ensinar o patrimonio municipal cando é o ben máis preciado deste Concello? SE non se ensinan a vila no verán..no inverno é mellor que desistan do servizo. Non consideran que o Técnico de Emprego é un funcionario vital para poder dar traballo a veciños que o precisan.

Seguimos Pleno tras Pleno insistindo na convocatoria urxente da Praza de Administrativo vacante por xubilación desde o 04/06/24, que deben esperar os veciños para a secretaría do Concello se complete? Cántos anos máis?

O voceiro do PP manifesta que esta pregunta non a fan porque sería unha repetición.

8º- Respecto a nova que saiu estos días da denuncia dunha traballadora deste concello; poderíannos aclarar as seguintes cuestións:

1.-¿ Porque motivo o concello non facilitou á traballadora o novo contrato tras aprobar a RPT?

2.-¿ Porque motivo a traballadora sigue desempeñando o seu posto con un contrato de traballo de obra o servizo do ano 2008 en manifesto fraude de ley, facendo as mesmas funcións que realizaba?

3.-¿ Porque motivo o concello non contestou a solicitude de prórroga para a firma do novo contrato xa que a traballadora se encontraba de baixa médica?





Concello de Lourenzá

A señora Alcaldesa manifesta que, se solicitaron prórrogas por parte das traballadoras que estaban de baixa e despois asináronse os contratos e no caso desta traballadora estaba de baixa médica hai certas cuestións que se están consultando por iso non asinou o contrato e tamén habería unha reclamación no xulgado que resolvería el.

E sen máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levantase a sesión sendo a hora indicada no encabezamento.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Cod. Validación: SPM44ST4A4WZ9SDG5XMSF7XG3
Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 31

